

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornadas sobre técnica normativa

GRUPO: Servizo EIP EGAP

ÁREA: Proceso de traballo

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	9
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2009
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 16/06/2009 - 08:00h ao 23/06/2009 - 23:59h

RESPONSABLE: []

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

As xornadas preséntanse, tendo como punto de partida a necesidade de promulgar normas eficaces e de alta calidade técnica que posibiliten políticas públicas que satisfagan as esixencias do interese xeral e as necesidades dos cidadáns. Preténdese achegar aos participantes nocións sobre técnica normativa, en particular sobre elaboración de textos legais, nas súas diferentes fases, previa e parlamentaria, e os problemas derivados da devandita elaboración, así como da vixencia da norma, en especial no Estado autonómico español actual. Finalmente analizaranse as especificidades do caso galego e no dereito comparado así como os procesos de avaliación normativa.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración pública galega, especialmente aqueles vinculados á tarefa da elaboración e redacción de normas, e interesados en xeral.

PROGRAMA

- A avaliación normativa.
- A redacción de normas en España e nas CC.AA. A normativa estatal e autonómica sobre a materia. Análise.
- A elaboración de normas na fase previa. O labor das secretarías xerais.
- O papel dos consellos consultivos na redacción normativa: control de legalidade e de oportunidade.
- A técnica normativa da elaboración das leis. A fase parlamentaria da súa tramitación.
- A redacción de normas na Comunidade Autónoma de Galicia. Análise do procedemento parlamentario. Taller práctico.
- A técnica normativa no ámbito do dereito comparado. Fontes e actos modificadores da lexislación comunitaria e internacional.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Non hai.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 25/06/2009 a 26/06/2009

NUM. PRAZAS: 298

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE